



O BUSBEIRÓN E O VAL DO NAVIA

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 30 km (circular completa)

Dificultade: media

Duración: 10 horas (a pé)



a Negueira e
A Fonsagrada

Unha ruta dentro do LIC "Negueira" para subir ao Busbeirón (cume da serra de Uría) e facer un percorrido polas pouco coñecidas poboacións da marxe dereita do Navia. Para gozar de amplas panorámicas e fortes pendentes sobre o río, no concello de Negueira de Muíiz e as terras dos arredores.

COMO CHEGAR:

Desde A Fonsagrada cóllese a estrada a Negueira e, no mirador de Ancares o desvío a Ouviaño para cruzar o río pola ponte Boadil. Desde alí séguese ata cruzar o Ibias en dirección a Santalla e Cancio.

Pódese facer só a ascensión ao Busbeirón desde Santalla (15 km ida e volta) ou un percorrido circular duns 30 km pasando polas poboacións da beira do río ata Ernes e de alí subir pola serra do Vilar ata o Busbeirón, baixando logo a Santalla. O percorrido pódese facer a pé ou en todoterreo (a parte de monte, especialmente a baixada a Santalla, ten fortes pendentes).



Cumes da serra de Uría. Á esquerda o Busbeirón (1.283 m)



Vista dos Ancares desde o Busbeirón.



Gando nos prados da serra do Vilar.



Vista xeral da Serra de Uría



Antigas cabanas nas Brañas de Ernes e cume das Penas de Libria



Cristas de cuarcita no val do rego do Acebedo



Encoro do Navia entre Ernes e Entralgo.



Vilaseca e o encoro do Navia desde Santalla.